



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Referencia: PREM-10MP / 2026

Expediente convocatoria: 2026000000880

RESOLUCIÓN POLA QUE SE AVOCA A COMPETENCIA PARA A APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E SE APROBAN AS BASES E A CONVOCATORIA DO PROBA DEPUTACIÓN DA CORUÑA OS DEZ MIL PEREGRINOS (PREM-10MP / 2026)

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

ANTECEDENTES

Por resolución número 29325, de 24 de xullo de 2023, o Presidente delegou na Xunta de Goberno entre outras: "A aprobación das bases de subvencións, cuxa competencia corresponda inicialmente ao presidente".

Tendo en conta a data da convocatoria da próxima Xunta de Goberno e considerando a urxencia de aprobar as Bases reguladoras do "Proba Deputación da Coruña Os dez mil peregrinos", e vistos os informes do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes, da Secretaría Xeral e do Servizo de Fiscalización e Control Financeiro,

RESOLVO:

Primeiro. Avocar a competencia que, con carácter xeral foi delegada por resolución número 29325, de 24 de xullo de 2023 na Xunta de Goberno, e considerando a urxencia da aprobación das Bases reguladoras do "Proba Deputación da Coruña Os dez mil peregrinos", que ven motivada pola necesidade de que as persoas destinatarias poidan facer as súas previsións respecto do obxecto da subvención neste programa para o exercicio 2026 coa suficiente antelación.

Segundo. Aprobar as Bases reguladoras do "Proba Deputación da Coruña Os dez mil peregrinos", que figuran no Anexo - Bases Reguladoras.

Terceiro. Dispoñer a publicación das bases deste programa no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Cuarto. Aprobar a convocatoria do Proba Deputación da Coruña Os dez mil peregrinos, de conformidade coas bases reguladoras que figuran no Anexo - Bases Reguladoras.

O prazo de solicitude iniciarase o día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no BOP da Coruña, a través da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e finalizará ás 14 horas do día

15 de marzo , tendo en conta que, tanto as solicitudes de inscrición realizaranse ao través da páxina web do evento <https://os10000peregrinos.gal/> así como na web da Federación Galega de Atletismo www.carreirasgalegas.com e o resto da tramitación do programa, concesión e pago de premios, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña e serán publicados na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Quinto. Remitir esta resolución, así como o extracto da convocatoria conforme ao Anexo - Extracto da convocatoria, á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicidad de Subvenciones y Ayudas Públicas, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, publicación que se tramitará como urxente.

Sexto. Dar conta desta resolución á Xunta de Goberno.

De conformidade co establecido no artigo 40.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), infórmase de que a resolución anterior esgota a vía administrativa, de acordo co disposto no artigo 114.1) da LPACAP, polo que, en virtude do artigo 123 da referida norma, contra a presente resolución poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, tal e como tamén preceptúa o artigo 52.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso potestativo de reposición ou se produza a desestimación presunta deste.

Así mesmo, a persoa interesada poderá interpoñer directamente contra a presente resolución recurso contencioso-administrativo, previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia que corresponda, de conformidade co disposto na devandita Lei e na disposición adicional primeira da Lei orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

ANEXO - BASES REGULADORAS

IV PROBA DEPUTACIÓN DA CORUÑA "OS 10.000 PEREGRINOS"

A Deputación da Coruña organizará, coa colaboración do Concello de Santiago de Compostela, o vindeiro 22 de marzo de 2026 na cidade compostelá, a IV PROBA DEPUTACIÓN DA CORUÑA "OS 10.000 PEREGRINOS", unha proba de calendario internacional Tipo II que entra dentro da especialidade de atletismo en ruta e que constará das seguintes probas:

- Carreira 10k en ruta, proba homologada pola Real Federación Española de Atletismo.
- Carreira 5k en ruta, proba homologada pola Real Federación Española de Atletismo.
- Carreira 2k Escolares en ruta, proba non homologada.
- Carreira 2k "Sen barreiras" en ruta (carreira aberta, participativa e inclusiva)

Esta proba celebrarase coa intención de impulsar a participación entre os nenos/as, mozos/as e maiores da provincia da Coruña cunha competición de gran relevancia no atletismo provincial e autonómico, para fomentar e promover o deporte en xeral a través da práctica do pedestrismo, ofrecendo a posibilidade a toda a poboación de participar nunha proba única na provincia da Coruña.

As probas estarán baixo o control técnico da Federación Galega de Atletismo e do Comité de Xuíces da Federación Galega de Atletismo e rexeranse polas seguintes bases:

1. Horarios

Hora	Proba
10:00 h	10 km homologados pola RFEA
11:30 h	5 km homologados pola RFEA
12:10 h	2 km escolares
12:40 h	"Sen barreiras" 2 km
13:10 h	Entrega de premios (Praza do Obradoiro)

2. Inscricións

As inscricións realizaranse a través da páxina web do evento <https://os10000peregrinos.gal/> así como na web da Federación Galega de Atletismo www.carreirasgalegas.com.

A inscrición nas diferentes probas serán de balde

PRAZO DE INSCRICIÓN:

O prazo de presentación de solicitudes iniciarase o día seguinte da publicación do extracto da convocatoria deste premio no BOP da Coruña, a través da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e rematará o 15 de marzo de 2026

Cada participante só se poderá inscribir nunha das probas ofertadas coa excepción da Carreira 2k "Sen barreiras"

As persoas xa inscritas en calquera das probas do evento poderán participar tamén nesta carreira "Sen barreiras" sen necesidade de realizar unha nova inscrición, podendo empregar o mesmo dorsal asignado para calquera das outras carreiras.

3. Lugar de saída e meta das probas e data de celebración

IV Proba Deputación da Coruña "Os 10.000 peregrinos" celebrarase en Santiago de Compostela a mañá do 22 de marzo de 2026.

A saída de todas as probas será desde a rúa San Francisco. A meta estará localizada na Praza do Obradoiro.

4. Categorías dos participantes

Proba de 10K

Categoría	Ano
Sub18	2009-2010
Sub20	2007-2008
Sub23	2004-2005-2006
Séniors	1992-2003
Master 35	1986-1991
Master 40	1976-1985
Master 45	1966-1975
Master 50 e seguintes	1965 e anteriores

Proba de 5K

Categoría	Ano
Sub18	2009-2010
Sub20	2007-2008
Sub23	2004-2005-2006
Séniors	1992-2003
Master 35	1986-1991
Master 40	1976-1985
Master 45	1966-1975
Master 50 e seguintes	1965 e anteriores

Proba 2K Escolares

Categoría	Ano
Sub16	2011-2012
Sub14	2013-2014
Sub12	2015-2016

Na Carreira 2k Sen Barreiras poderán participar todas as persoas que o desexen. Esta proba non contará con clasificación nin con entregas de premios e non computará para ningunha puntuación relativa a centros escolares nin a clubs federados escolares:

- Poderá participar nesta carreira aberta, participativa e inclusiva calquera persoa inscrita previamente, sen límite de idade e independentemente da súa condición física ou da existencia de diversidade funcional.
- Permitirase a participación con cadeiras de rodas, andadores, carriños infantís ou outros elementos de apoio á mobilidade, sempre que non supoñan un risco para a seguridade das demais persoas participantes.
- As persoas que precisen apoio poderán ir acompañadas por familiares, amizades ou persoas voluntarias, sempre que estes acompañantes estean tamén formalmente inscritos.
- Todas as persoas participantes deberán levar o dorsal oficial da carreira, colocado en lugar visible, e respectar as indicacións da organización.

Caixóns de saída:

Nas probas de 10 k e 5 k estableceranse caixóns de saída por orde de marcas, para o cal os/as participantes terán que facilitar a marca oficial na distancia no momento de realizar a súa inscrición na web <https://os10000peregrinos.gal/> .

Peche de control:

A proba de 10 K pecharase 1 h e 15' despois da saída da proba (11:15 horas). Todo/a participante que transcorrido ese tempo non chegase a meta, quedará fora de carreira.

5. Premios e trofeos

5.1 Sistema de clasificación para premios

Outorgaranse só na proba de 10 km homologada os seguintes premios económicos por clasificación:

Atletas masculinos/femininos clasificación xeral:

Posto	Premio
1º/1ª	800 €
2º/2ª	600 €
3º/3ª	425 €
4º/4ª	300 €
5º/5ª	200 €
6º/6ª	150 €
7º/7ª	125 €
8º/8ª	100 €

Atletas galegos/as (premio non acumulable) (1):

Posto	Premio
1º/1ª Galego/a	500 €
2º/2ª Galego/a	300 €
3º/3ª Galego/a	200 €
4º/4ª Galego/a	150 €
5º/5ª Galego/a	100 €
6º/6ª Galego/a	50 €

Premio por bater o récord da proba de 10 K masculino e feminino: 400 €.

Récord masculino	Récord feminino
30:07	34:03
(MOHAMED EL GHAZOUANY)	(ALICE FINOT)

(1) Consideraranse atletas galegos/as ás persoas empadroadas ou que teñan nado nalgún concello de Galicia. Para poder recibir o premio, as persoas premiadas deberán remitir o seu certificado de empadramento ou documentación que acredite o lugar de nacemento, ao enderezo de correo electrónico secretaria@atletismo.gal. Só se poderá percibir o premio de maior contía, non sendo o mesmo acumulable (por exemplo, se o/a primeiro/a galego/a obtén un premio da xeral maior, non correrá posto, é dicir, o segundo galego non pasará a ser primeiro/a galego/a e sucesivamente ...)

Premios especiais a clubs e centros escolares

Aos 3 clubs federados e os 3 centros escolares que maior número de atletas participantes aporten á proba de 2K Escolares, recibirán trofeo e os seguintes premios en metálico:

CENTROS ESCOLARES

Posto	Premio
1º Centro Escolar	300 €
2º Centro Escolar	200 €
3º Centro Escolar	100 €

CLUBS FEDERADOS ESCOLARES

Posto	Premio
1º Club federado	300 €
2º Club federado	200 €
3º Club federado	100 €

Deberán inscribirse coa mesma denominación na plataforma, e, no caso dos clubs federados, deberán aportar o nome do club e a licencia federativa en vigor na propia inscrición.

O importe total do orzamento da convocatoria ascende a 10.000,00€ imputarase á **aplicación orzamentaria 0612/3411/481** do orzamento vixente.

5.2 Aboamento de premios en metálico

Non poderán ser beneficiarias de premio aquelas persoas que teñan a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal, de conformidade co disposto no artigo 13.f) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

A Deputación da Coruña emitirá unha resolución de concesión e pago, e tanto a concesión como o pago dos premios serán publicados na Base de Datos Nacional de Subvenciones.

A Deputación da Coruña aboará os premios mencionados na base anterior directamente ás persoas ou aos clubs e centros escolares participantes, en función da clasificación obtida e que consta na acta da clasificación nas diferentes probas, as cantidades a percibir están suxeitas ás retencións legais correspondentes.

Coa finalidade de percibir os premios por participación nas carreiras, que se aboarán mediante transferencia bancaria, as persoas ou aos clubs participantes deberán achegar ao través da sede electrónica da Deputación da Coruña (solicitude xeral), e con referencia IV Proba Deputación da Coruña "Os 10.000 peregrinos" a seguinte documentación:

- Designación da conta bancaria na que se efectuarán os aboamentos, conforme ao modelo normalizado que figura na páxina web: **MODELO_DESIGNACION_CUENTA_BANCARIA_GALEGO.pdf**
- Achegarán ademais certificación de titularidade da conta seguindo as instrucións que figuran neste modelo.

- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a persoa está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que envíe un documento autorizando expresamente á Deputación provincial da Coruña para que poida obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Tesourería da Seguridade Social e da Deputación Provincial da Coruña, nas que se acredite que está ao corrente nas súas obrigas.
- NIF do club/persoa participante.
- Enderezo de correo electrónico do club/persoa participante de notificación.

5.3 Trofeos

Outorgaranse trofeos:

- Aos/ás tres primeiros/as clasificados/as absolutos da proba de 10 K
- Aos/ás 3 primeiros/as clasificados/as de cada categoría das establecidas para a proba 10K no presente regulamento.
- Aos/ás tres primeiros/as clasificados/as absolutos da proba de 5 K
- Aos/ás tres primeiros/as clasificados/as absolutos da proba de 2 K

A **Carreira “Sen Barreiras”** aberta, participativa e inclusiva de 2 km non terá clasificación nin premiación, e non computará para ningunha puntuación relativa a centros escolares nin a clubs federados escolares.

Entrega de trofeos

A entrega de trofeos terá lugar a partir das 13:10 h na Praza do Obradoiro.

6. Avituallamentos

Haberá servizo de avituallamento líquido aprox. no punto km 5 da proba de 10 k, e avituallamento líquido e sólido na meta de todas as probas.

7. Lebres

Estableceranse 4 lebres cos seguintes tempos: 40' – 45' - 50' e 55' respectivamente. Levarán un distintivo identificativo dentro da proba coa fin de servir como referencia para os corredores que desexen correr nesas marcas.

8. Entrega de dorsais

A entrega de dorsais terá lugar nos seguintes prazos:

LUGAR: PRAZA DO OBRADOIRO

Horarios e días:

Sábado 21 de marzo de 11:00 a 19:00 horas.

Domingo 22 de marzo de 08:30 ate 30' antes do inicio de cada proba.

9. Servizo de gardarroupa

Haberá servizo de gardarroupa localizado na zona de meta.

10. Circuito

As probas disputaranse sobre un circuito de 10 km en ruta, e outro de 5 km en ruta, ambos homologados pola Real Federación Española de Atletismo e as marcas pasarán á clasificación galego e nacional en ambas distancias. Os circuitos estará publicados de xeito previo nas páxinas web <https://os10000peregrinos.gal> e www.carreirasgalegas.com.

Tamén haberá un percorrido de 2 km non homologado para as categorías escolares.

A saída de todas as probas será na Rúa San Francisco e a meta será na Praza do Obradoiro.

OS PERCORRIDOS QUEDARÁN PECHADOS AO TRÁFICO RODADO A PARTIR DAS 09:00 HORAS

11. Servizo de duchas

Habilitaranse un servizo de duchas e no campo de fútbol de Santa Isabel e no Pavillón Lorenzo de la Torre

12. Outras consideracións regulamentarias

Todo o non recollido no presente regulamento rexerese pola normativa de probas en ruta da FGA e da RFEA en vigor.

A Organización resérvase a facultade de decidir sobre calquera aspecto ou circunstancia non contemplada neste regulamento.

A participación nas probas suporá a total aceptación deste Regulamento.

Queda totalmente prohibido correr na proba sen estar previamente inscrito.

RESPONSABILIDADE

A organización non se fará responsable dos danos que puidesen causar ou causarse os participantes por imprudencias ou negligencias destes. Igualmente, o participante declara, baixo a súa responsabilidade, terse realizado o oportuno recoñecemento médico que lle permite estar en condicións óptimas para realizar a proba, eximindo á organización da devandita responsabilidade.

A organización dispón de Responsabilidade Civil que cubrirá as incidencias inherentes á proba.

LOPD

Habilitase á Federación Galega de Atletismo como encargada do tratamento dos datos, para tratar por conta da Deputación da Coruña, responsable do tratamento, os datos de carácter persoal das inscricións nas diferentes probas.

Os datos persoais facilitados pola Federación Galega de Atletismo serán tratados pola Deputación da Coruña para xestionar a presente proba e os expedientes relacionados.

A lexitimación para o tratamento dos datos persoais baséase no cumprimento dunha misión de interese público. No caso de que a Deputación utilice imaxes de persoas físicas para promocionar a súa actividade subvencionada deberá contar co consentimento expreso das persoas afectadas e será este a base lexitimadora dese tratamento. Os datos poderán ser comunicados a outras Administracións públicas para o exercicio das súas competencias e serán conservados de acordo co establecido na normativa de arquivo.

As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Así mesmo se consideran que o tratamento incumpre co establecido no Regulamento Xeral de Protección de Datos poden reclamar perante a Axencia Española de Protección de Datos.

As persoas interesadas poden consultar máis información relacionada coa protección de datos na Política de Privacidade da Deputación ou dirixindo un correo a delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o/a atleta consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día e clasificación popular de probas de ruta.

ANEXO EXTRACTO DA CONVOCATORIA

GALEGO

Primeiro. Beneficiarias

Persoas atletas coa licenza federativa correspondente en vigor e inscritas segundo as categorías definidas nas bases reguladoras

Segundo. Obxecto

Participación na IV PROBA DEPUTACIÓN DA CORUÑA "OS 10.000 PEREGRINOS", proba de calendario Internacional Tipo II que entra dentro da especialidade de atletismo en ruta e que constará das seguintes probas:

Carreira 10k en ruta, proba homologada pola Real Federación Española de Atletismo.

Carreira 5k en ruta, proba homologada pola Real Federación Española de Atletismo.

Carreira 2k Escolares en ruta, proba non homologada.

Carreira 2k "Sen barreiras" en ruta (carreira aberta, participativa e inclusiva)

Terceiro. Bases reguladoras

A presente convocatoria rexerese polas Bases reguladoras publicadas no BOP.

Cuarto. Contía

O importe total do orzamento da convocatoria ascende a 10.000,00€ imputarase á aplicación orzamentaria 0612/3411/481 do orzamento vixente.

Outorgaranse só na proba de 10 km homologada os seguintes premios económicos por clasificación:

Atletas masculinos/femininos clasificación xeral

Primeiro posto: 800€

Segundo posto: 600€

Terceiro posto: 425€

Cuarto posto: 300€

Quinto posto: 200€

Sexto posto: 150€

Sétimo posto: 125€

Oitavo posto: 100€

Atletas galegos/as (premio non acumulable):

1º/1ª Galego/a 500 €

2º/2ª Galego/a 300 €

3º/3ª Galego/a 200 €

4º/4ª Galego/a 150 €

5º/5ª Galego/a 100 €

6º/6ª Galego/a 50 €

Premio por bater o récord da proba de 10 K masculino e feminino: 400 €.

Premios 2k escolares

1º Centro Escolar 300 €

2º Centro Escolar 200 €

3º Centro Escolar 100 €

1º Club federado 300 €

2º Club federado 200 €

3º Club federado 100 €

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de solicitude iniciarase o día seguinte á publicación da convocatoria, e finalizará ás 14 horas do día 15 de marzo, tendo en conta que as solicitudes de inscrición realizaranse a través da páxina web do evento <https://os10000peregrinos.gal/> así como na web da Federación Galega de Atletismo ww.carreirasgalegas.com e o resto da tramitación do programa, concesión e pago de premios, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña e serán publicados na Base de Datos Nacional de Subvenciones

CASTELLANO

Primero. Beneficiarios

Personas atletas con la licencia federativa correspondiente en vigor e inscritas según las categorías definidas en las bases reguladoras

Segundo. Objeto

Participación en la IV PROBA DEPUTACIÓN DA CORUÑA "OS 10.000 PEREGRINOS", prueba de calendario Internacional Tipo II que entra dentro de la especialidad de atletismo en ruta y que constará de las siguientes pruebas:

Carrera 10k en ruta, prueba homologada por la Real Federación Española de Atletismo.

Carrera 5k en ruta, prueba homologada por la Real Federación Española de Atletismo.

Carrera 2k Escolares en ruta, prueba non homologada.

Carrera 2k "Sen barreiras" en ruta (carrera abierta, participativa e inclusiva)

Tercero. Bases reguladoras

La presente convocatoria se regirá por las Bases reguladoras publicadas en el BOP.

Cuarto. Cuantía

El importe total del presupuesto de la convocatoria asciende a 10.000,00€ que se imputarán a la aplicación presupuestaria 0612/3411/481 del presupuesto vigente.

Se concederán en la prueba de 10 km homologada los siguientes premios económicos por clasificación:

Atletas masculinos/femeninos clasificación general

Primero puesto: 800€

Segundo puesto: 600€

Tercero puesto: 425€

Cuarto puesto: 300€

Quinto puesto: 200€

Sexto puesto: 150€

Séptimo puesto: 125€

Octavo puesto: 100€

Atletas gallegos/as (premio non acumulable):

1º/1ª Gallego/a 500 €

2º/2ª Gallego/a 300 €

3º/3ª Gallego/a 200 €

4º/4ª Gallego/a 150 €

5º/5ª Gallego/a 100 €

6º/6ª Gallego/a 50 €

Premio por batir el récord de la prueba de 10 K masculino e femenino: 400 €.

Premios 2k escolares

1º Centro Escolar 300 €

2º Centro Escolar 200 €

3º Centro Escolar 100 €

º Club federado 300 €

2º Club federado 200 €

3º Club federado 100 €

Quinto. Plazo de presentación de solicitudes

El plazo de solicitud se iniciara el día siguiente de la publicación de la convocatoria, y finalizará a las 4 horas del día 15 de marzo, teniendo en cuenta que las solicitudes de inscripción se realizarán a través da página web do evento <https://os10000peregrinos.gal/> así como en la web da Federación Galega de Atletismo www.carreirasgalegas.com e o resto da tramitación do programa, concesión e pago de premios, realizara por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible desde a sede electrónica da Diputación Provincial da Coruña e serán publicados en la Base de Datos Nacional de Subvenciones.